



## AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE LIBROS DE TEXTO E MATERIAL ESCOLAR, ASÍ COMO FONDO DE LIBROS PARA O CURSO 2022-23

O DOG do 18 de maio de 2021 publica a [ORDE DO 29 DE ABRIL DE 2022](#) pola que se regula a participación no fondo solidario de libros de texto e se convocan axudas para adquirir libros de texto e material escolar destinadas ao alumnado matriculado en educación primaria sostidos con fondos públicos para o curso escolar 2022/23.

- **Fondo solidario de libros** de texto estará accesible para o alumnado matriculado en **3º, 4º, 5º e 6º de primaria** e en 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.
- **Axudas para a adquisición de libros de texto** para **1º e 2º de primaria** e en Educación Especial.
- **Axudas para a adquisición do material escolar**, destinadas ao **alumnado** matriculado na **educación primaria**, ESO e Educación Especial.
- As solicitudes presentaranse **ata o 22 de xuño de 2022**:
  - ✚ Por **VÍA ELECTRÓNICA** nos formularios normalizados dispoñibles na aplicación informática **FONDOLIBROS**. Os formularios cubertos poden entregarse de forma presencial na secretaría do centro ou a través da Sede Electrónica da Xunta de Galicia.
  - ✚ De forma presencial na **SECRETARÍA DO CENTRO** onde o alumnado curse estudos no vindeiro curso.
- Farase unha **única solicitude** por familia e centro, incluíndo nela todos os fillos que estean escolarizados nel, agás no caso de que a solicitude se tramite por vía electrónica empregando a aplicación "Fondolibros" que será necesaria a presentación dunha solicitude por cada alumno.
- O **horario de secretaría** para este fin será de **9:00 a 9:50 e de 13:15 a 14:00**.
- **O alumnado que vaia a realizar 1º da ESO deberá informarse no centro onde vaia a cursar estudos o vindeiro curso.**

Para poder solicitar as axudas de libros e de material escolar, os tramos de renda (**exercicio fiscal 2020**) e as súas correspondentes axudas son as seguintes:

### AXUDAS DE LIBROS (1º e 2º de primaria):

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a **6.000€: axuda de 210€**.
- Renda per cápita familiar **desde 6.000€ ata 10.000€: axuda de 140€**.

### MATERIAL ESCOLAR (Todos os cursos):

- Renda per cápita familiar igual ou inferior a **6.000€: axuda de 50 euros**

### FONDO SOLIDARIO DE LIBROS (3º, 4º, 5º e 6º de primaria):

- Pode solicitalo todo o alumnado destes cursos, con independencia da renda per cápita; os libros dispoñibles no centro repártense entre os admitidos por orde inversa á renda, ata que se esgoten. Teñen preferencia os menores tutelados pola Xunta e os que teñan unha discapacidade igual ou superior ao 65%. En todo caso recibirán:
- **6 libros de texto**, renda per cápita familiar igual ou inferior a **6.000€**.
- **4 libros de texto**, renda per cápita familiar **desde 6.000€ ata 10.000€**.

Será **REQUISITO FUNDAMENTAL** para acceder ao fondo solidario, ou recibir as axudas para libros ou material escolar **TER DEVOLTO OS LIBROS** do fondo solidario **do curso 2021-22**